

ROTEIROS ADEGA 2015

ADEGA-LUGO DEDICARÁ OS ROTEIROS DE 2015 (DE XANEIRO A XUÑO) AO COÑECEMENTO E Á REIVINDICACIÓN DA POSTA EN VALOR DOS BOSQUES AUTÓCTONOS DE GALIZA. ESTA PROPOSTA ENTRONCA COA CAMPAÑA COUSA DE RAÍCES, UNHA INICIATIVA DE ADEGA NA QUE PARTICIPAN UNHA MANCHEA DE COLECTIVOS.

O OBXECTIVO XERAL DA CAMPAÑA É FACER VER A IMPERIOSA NECESIDADE DE CONSERVAR O BOSQUE GALEGO, TANTO POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, QUE VÉN AMOSANDO UNHA CLARA PASIVIDADE, COMO DA SOCIEDADE EN XERAL. ESTA NECESIDADE OBEDECE AO ALARMANTE RETROCESO QUE ESTÁ A EXPERIMENTAR NOS ÚLTIMOS ANOS O BOSQUE GALEGO, COA CONSEGUINTE E IRREPARABLE PERDA DO SEU VALOR AMBIENTAL, ECONÓMICO, SOCIAL, CULTURAL, PAISAXÍSTICO, ETC.

OS ROTEIROS CONTRIBUIRÁN A QUE OS PARTICIPANTES COÑEZAN E VALOREN A GRANDE DIVERSIDADE DE MASAS FORESTAIS AUTÓCTONAS QUE, PESE ÁS ADVERSAS CIRCUNSTANCIAS, AÍNDA SE PRESERVAN EN GALIZA: SOUTOS, FRAGAS, SOBREIRAIS, AMENEIRAIS, ACEVAIS, LOUREIRAIS, ETC. NALGUNHAS RUTAS PODERASE CONSTATAR TAMÉN AS SERIAS AMEAZAS ÁS QUE SE ENFRONTAN ESTAS MASAS ARBÓREAS. SEN DÚBIDA, A DEFENSA DUN RECURSO NATURAL SEMPRE SERÁ MÁIS EFECTIVA CANTA MÁIS INFORMACIÓN E DE PRIMEIRA MAN TEÑAMOS SOBRE EL.

CONTAMOS CON VÓS PARA COMPARTIR ESTE PROXECTO!

EN TODOS OS CASOS:

-HABERÁ QUE FACER RESERVA PREVIA DE PRAZA, POR MAIL (ADEGALUGO@ADEGA.GAL) OU POR TELÉFONO (982240299, 679113718).

-SAÍDA DESDE AV. RAMÓN FERREIRO (FRONTE A FACULDADE FORMACIÓN DO PROFESORADO) ÁS 9 HORAS (AGÁS NO ROTEIRO DE XUÑO: ÁS 8 HORAS).

-PREZO: XERAL, 15€; SOCIOS/AS, 10€; ESTUDANTES/PARADOS, 12€; MENORES DE 17 ANOS, 5€.

OS ROTEIROS SON DE XORNADA COMPLETA.

OS PARTICIPANTES DEBERÁN LERVAR COMIDA E ROUPA E CALZADO AXEITADOS.

Cousa de raíces





25 XANEIRO
FRAGAS DE CATASÓS
LALÍN

ROTEIROS ADEGA



2015

19 ABRIL
SOBREIRAL DO ARNEGO
AGOLADA



Cousa

de

22 FEBREIRO
BOSQUE DE RIBEIRA
SARRIA



24 MAIO
BOSQUE DE INUNDACIÓN
BEGONTE



raíces

22 MARZO
ACEVAIS DE PIORNEDO
ANCARES



14 XUÑO
LOUREIRAL
DE CORTEGADA

